

## Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Este libro gustoume bastante porque me pareceu realista (loitas, ameazas, roubos,) e atractiva (aventuras, amor). O que máis me gustou deste libro foi como os rapaces loitaban arriscando as súas vidas para conseguiren a liberdade e afastarse da gavela de bandoleiro. Respecto aos personaxes, Lourenzo Tasende foi o que menos me gustou porque non fixo moi ben o papel de pai, xa que non debería meter ó seu fillo nos seus asuntos, para que seguise mesmo camiño que tiña el e traerlle tanto sufrimento. Por outra parte, penso que as persoas son así, primeiro fan as cousas sen pensar moi ben o resultado. E, finalmente, despois dos sufrimentos ou acontecementos desagradábeis ou molestos danse conta do seu erro e descubren que en realidade hai moitas cousas máis valiosas e importantes no mundo. E, para rematar, penso que o libro valeu a pena lelo, xa que a través del podemos aprender cousas novas, aínda que non moi interesantes, como por exemplo: a maneira de defenderse a si mesma ou á outra persoa; que a veces é mellor non saber nada que ir descubrindo cousas, xa que ao mellor son cousas que non debamos saber e que poidamos estar en perigo. (Xi Ling)

2. Este libro gustoume porque me enganhou dende que a comecei a ler e é unha novela de aventuras que poden suceder en realidade, é dicir, que tranquilamente podería ter sucedido tal e como narra o libro. Tamén me gustou porque é un libro que fai que sintas pena de que o protagonista vaia ao cárcere a pesares de saber que cometeu moitos crimes. O personaxe que máis me gustou foi o protagonista porque admite os seus erros e ao final rectifica, aínda que iso suceda un pouco tarde demais como para non facerlle tanto dano á xente que quere. O personaxe que menos me gustou foi o pai do protagonista, Lourenzo Tasende, porque, ao meu parecer, se en realidade deixara o crime, non debería ter volto ás andadas e meter ao seu fillo, a pesares de que pouco antes de morrer se dá conta dos seus erros. A parte que máis me gustou foi na que o protagonista e Helena despídense xa que me parecen moi bonitas as palabras que di ela. Non houbo parte que non me gustase. Finalmente e para resumir, gustoume moito o libro e recoméndollo a todas aquelas persoas ás que lles gusten os libros de aventuras realistas. (M. Teresa)

3. Este libro, aínda que me pareceu que está ben escrito, dunha maneira que se fai moi amena, non me gustou. Eu penso que non me gustou polo tema, xa que as historias de gavelas de bandidos non me resultan moi entretidas, e, ademais, ou quizais por este motivo, non me enganhou ao longo da historia. Aínda así, non me arrepinto de lelo, xa que a historia que se reflicte na novela,(o contexto histórico), pareceume moi entretido (as guerras, as historias dos piratas...). E reflicte moi ben a sociedade da época (cando os bandidos asaltan ós ricos, cando o protagonista vai ao cárcere, cando reflicte o analfabetismo da época... (xa que nin o protagonista, nin Tomás, o xefe dunha das gavelas, saben ler...). En conclusión; paréceme un bo libro aínda que a min non me gustase. (Clara)

Este libro non me desgustou. Quizais a comparación que fai o autor coas aventuras do estilo Stevenson foi o que me fixo elixilo entre os demais libros, pero sen embargo, para a miña decepción non é un libro que te enganche, non é dos libros de aventuras no que estás desexando saber onde está o tesouro ou se ao final lévano para o cárcere, e máis unhas 100 páxinas antes de rematar o libro dáche como a resolución mais ou menos do que lle vai pasar e aparte diso, a historia de amor era...demasiado evidente. En si a historia non estivo mal, é un tema que os autores non soen tratar e ademais o que máis me gustou é onde estaba ambientada, porque onde decía que ía ti sabías onde se situaba (Praza da Leña, Marín, A Moureira...); a parte o máis destacable é que reflicte perfectamente a sociedade daquela época, o período constante de guerras, a fame, o analfabetismo, a distinción entres as clases sociais... etc. (Paula)

4. Este libro gustoume bastante aínda que ao principio me custou un pouco comezar a lelo, pero máis adiante engancheime moito. O personaxe que máis me gustou foi o do protagonista porque me lembra un pouco a min na súa maneira de mirar os seus erros. O pai do protagonista deume moita pena, pois non creo que el quixera que o seu fillo seguira o seu camiño, senón que Lázaro obrigouno bastante a metelo nese

"negocio". Sorprendeume bastante cando se demostrou que o Xudas ... Despois parece unha novela bastante ben ambientada na súa época e con todos os problemas que facía que tiveran que roubar aos ricos. Probablemente un dos detalles que fixo que o libro me gustara tanto foi o de ler Pontevedra e lugares pretos de aquí, pois esa é unha das cousas que me gustan da literatura galega. **(Darío)**